

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

*Padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Xogando no Nadal 2025"*

**Publicación edicto padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Xogando no Nadal 2025" (1ª quenda: do 22 ao 26 de decembro de 2025, ambos incluídos, agás o 25 de decembro que é festivo; 2ª quenda: do 29 de decembro de 2025 ao 7 de xaneiro de 2026, ambos incluídos, agás o 1 e o 6 de xaneiro que son festivos).**

Por resolución do concelleiro da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 280/2026 de data 7 de abril de 2026, acordouse:

**Primeiro:** Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Xogando no Nadal 2025" (1ª quenda: do 22 ao 26 de decembro de 2025, ambos incluídos), que comprende 12 recibos dun total de 12 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de cento setenta e seis euros (176,00 €)

**Segundo:** Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Xogando no Nadal 2025" (2ª quenda: do 29 de decembro de 2025 ao 7 de xaneiro de 2026, ambos incluídos), que comprende 19 recibos dun total de 19 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de catrocentos vinte e un euros con vinte centimos (421,20 €).

**Terceiro:** Expoñer ao público os datos incorporados aos padróns que se aproban, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da Corporación e da sede electrónica do Concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuintes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante dito prazo, os padróns aprobados estarán a disposición do público nas oficinas do Departamento de Educación sitas na rúa Río Barcés nº 6 (A Barcala).

**Cuarto:** Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá desde o 08.05.2026 ao 08.07.2026, ambos os dous incluídos. Transcurrido o mesmo procederá a esixir os xuros de mora e os recargos que legalmente procedan e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema, de acordo co previsto nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes nos dez primeiros días do período voluntario de pago.

**Quinto:** Dar conta da resolución á Tesourería e a Intervención municipal a través da plataforma TEDEC.

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público dos padróns. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, desde a notificación da resolución expresa, ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Cambre, 13 de abril de 2026

O concelleiro delegado

Rubén Vázquez Pérez